

Apio	15 gramos
Berenxena	20 gramos
Borraxe	250 gramos.
Brócoli	60 gramos.
Cabaza	800 gramos
Cabaza de peregrino	800 gramos.
Cabaza moscada	800 gramos.
Cabaciña	600 gramos
Cardo	100 gramos
Cebola	100 gramos
Ceboliña	100 gramos
Cebolo	100 gramos
Charouvía	50 gramos
Col de Bruxelas	60 gramos
Col de Milán	60 gramos
Col forraxeira ou verza	60 gramos.
Col de China	60 gramos.
Coliflor	60 gramos
Nabicol	60 gramos.
Colirravo	60 gramos
Endivia	60 gramos
Escarola	50 gramos
Espárrago	250 gramos de semente e 120 zarpas
Espinaca	300 gramos
Chícharo	5 quilogramos
Fabas	6 quilogramos
Fiúncho	50 gramos.
Híbridos interespecíficos do xénero Cucúrbita	800 gramos
Híbridos ínterespecíficos do xénero Lycopersicon	20 gramos
Feixóns	6 quilogramos
Feixóns escaarlata	6 quilogramos
Leituga	70 gramos
Lombarda	60 gramos
Melón	150 gramos
Nabo	300 gramos
Cogombro	70 gramos
Perexil	25 gramos
Cerefolio	50 gramos.
Pemento	45 gramos
Allo porro	50 gramos
Ravo e raviño	150 gramos
Remolacha de mesa	200 gramos
Repolo	60 gramos
Barba cabreira	50 gramos.
Escorzona	50 gramos
Sandía	150 gramos
Tomate	20 gramos
Cenoria	50 gramos

ANEXO D

Data límite de entrega de material

1 de febreiro: espárrago

1 de marzo: feixón e feixón escaarlata

1 de abril: acelga, chicoria, apio, borraxe, brócoli, cardo, col de bruxelas, col de Milán, col forraxeira ou verza, col de China, coliflor, nabicol, colirravo, endivia, escarola, fiúncho, lombarda, ravo e raviño, remolacha de mesa, repolo, barba cabreira, escorzona e cenoria.

1 de maio: nabo, perexil e espinaca.

1 de xuño: alcachofa.

1 de xullo: berenxena, cabaciña, cebola do cedo, ceboliña, cebolo, híbridos interespecíficos do xénero Lycopersicon, leituga, melón, cogombro, cerefolio, pemento, tomate.

1 de setembro: chícharos e fabas.

1 de decembro: berenxena, cabaza, cabaza de peregrino, cabaza moscada, cabaciña, cebola serodia, cha-

rouvía, híbridos interespecíficos do xénero Cucúrbita, leituga, melón, cogombro, pemento, allo porro, sandía e tomate.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

A presente orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 11 de setembro de 2006.—A ministra de Agricultura, Pesca e Alimentación, Elena Espinosa Mangana.

MINISTERIO DA PRESIDENCIA

16664 *REAL DECRETO 1019/2006, do 8 setembro, polo que se modifica o artigo 13 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro. («BOE» 228, do 23-9-2006.)*

Os acordos que regulan a readmisión das persoas en situación irregular subscritos por España con outros países, son instrumentos que contribúen a lograr unha maior eficacia no control da inmigración irregular, ao establecer un réxime de readmisión recíproco adaptado ás peculiaridades dos Estados parte.

A aplicación dos devanditos acordos manifestou a conveniencia de modificar o Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, para recoller, expresamente, xunto coa denegación de entrada no territorio español, que con carácter xeral se regula no seu artigo 13 para os estranxeiros que non cumpren os requisitos exixidos no citado regulamento, un suposto de denegación de entrada no territorio español, con carácter específico, para aqueles estranxeiros aos que sexa de aplicación un acordo que regule a readmisión das persoas en situación irregular subscrito por España.

Neste suposto de denegación de entrada garántese que os funcionarios responsables do control facilitarán, con carácter previo á denegación, a información a que se refire o artigo 26.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro.

Na súa virtude, por proposta dos ministros de Traballo e Asuntos Sociais, de Asuntos Exteriores e de Cooperación, do Interior e de Administracións Públicas, de acordo co Consello de Estado e logo de deliberación do Consello de Ministros na súa reunión do día 8 de setembro de 2006,

DISPÓN O:

Artigo único. *Modificación do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro.*

Incorpórase un segundo parágrafo ao punto 1 do artigo 13 do Regulamento da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, sobre dereitos e liberdades dos estranxeiros en España e a súa integración social, aprobado polo Real decreto 2393/2004, do 30 de decembro, coa seguinte redacción:

«Cando existisen acordos que regulen a readmisión das persoas en situación irregular subscritos por España, os funcionarios responsables do control, tras facilitar a información a que se refire o artigo 26.2 da Lei orgánica 4/2000, do 11 de xaneiro, denegarán, nos termos previstos nos citados acordos, a entrada das persoas ás cales lles sexan de aplicación, sempre que a denegación se produza dentro do prazo previsto neles.»

Disposición derradeira única. *Entrada en vigor.*

O presente real decreto entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no Boletín Oficial del Estado.

Dado en Madrid o 8 de setembro de 2006.

JUAN CARLOS R.

A vicepresidenta primeira do Goberno
e ministra da Presidencia,

MARÍA TERESA FERNÁNDEZ DE LA VEGA SANZ

MINISTERIO DE FOMENTO

16784 *ORDE FOM/2924/2006, do 19 de setembro, pola que se regula o contido mínimo do informe anual para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable. («BOE» 230, do 26-9-2006.)*

O Real decreto 1566/1999, do 8 de outubro, sobre os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable, incorpora ao ordenamento xurídico español a Directiva 96/35/CE, do Consello, do 3 de xuño, relativa á designación e cualificación profesional dos conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas. O artigo 7 do citado real decreto obriga os conselleiros de seguranza a redactar un informe anual destinado á

dirección da empresa sobre as súas actividades relativas ao transporte de mercadorías perigosas e faculta o ministro de Fomento para determinar o seu contido mínimo.

En uso desta facultade, por Orde do 11 de xaneiro de 2001, regulouse o contido mínimo do indicado informe anual. A experiencia na aplicación desta orde aconsella modificar algúns dos puntos en que se desagregaba o modelo que se incluía como anexo, así como as instrucións para ser cuberto. Aínda que as modificacións que se introducen son escasas, razóns de claridade aconsellan substituír integramente a citada Orde do 11 de xaneiro de 2001 e os seus anexos.

Na súa virtude, logo de informe da Comisión para a Coordinación do Transporte de Mercadorías Perigosas, dispoño:

Primeiro. *Contido do informe anual.*—Apróbese o contido mínimo do informe anual que han de redactar os conselleiros de seguranza para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

Co fin de lles facilitar ás empresas o envío da documentación relativa ao informe anual, as direccións xerais de Transportes por Estrada e de Ferrocarrís, facilitarán, a través da páxina web do Ministerio de Fomento (www.fomento.es), o modelo informático para a realización e remisión do citado informe por este sistema.

Segundo. *Competencia para a redacción do informe anual.*—Os informes anuais redactaranos os conselleiros de seguranza. As empresas baixo a responsabilidade das cales se efectúen as operacións de transporte, carga ou descarga, independentemente de quen realice fisicamente tales manobras, remitiranlles estes informes ás autoridades competentes.

O modelo do devandito informe inclúese como anexo I desta orde.

O anexo II recolle as instrucións para ser cuberto.

Terceiro. *Derrogación normativa.*—Queda derrogada a Orde do Ministerio de Fomento do 11 de xaneiro de 2001 pola que se regula o contido mínimo do informe anual para o transporte de mercadorías perigosas por estrada, por ferrocarril ou por vía navegable.

Cuarto. *Entrada en vigor.*—Esta orde entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación, no «Boletín Oficial del Estado».

Madrid, 19 de setembro de 2006.—A ministra de Fomento, Magdalena Álvarez Arza.